



R E V I S T A O R A L

O PAZO DAS MUSAS

Nº 5 / 30 de marzo de 2006

Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo e a Excm. Deputación Provincial de Lugo. Hora: **20 horas**. Lugar: **Refectorio do Museo Provincial de Lugo**. Duración aprox.: **1,30 h**. Deseño gráfico e animación dixital: **Javier Huerga García**. Coordina: **Antonio Reigosa**.

A memoria é fráxil e transparente como cristal. Dedicamos este número á memoria dos inocentes, ás máis cativas vítimas de tempos de aceiro e ferro.

“Celébrase de cando en vez no Museo Provincial, nos amplos refectorios, unha especie de performance, ... un espectáculo interdisciplinar: o pazo das musas. Poesía, música, lecturas,... Trátase dun concepto interdisciplinar e belísimo. Postas en escea de poemas, música..., charlas, breves. Estamos diante dunha iniciativa curiosa e preciosista.”

Manuel Xosé Neira, *La Voz de Galicia*, sábado, 21 de xaneiro de 2006

SUMARIO

Portada musical

Estudo simple XVII (Leo Brower)

Intérprete (guitarra): **Eloy Tomé** (3')

Fantasia

Vídeo: *Fantasia de area* (4')

Presentación

Xulia Minguillón na memoria, por **D. Francisco Fernández Del Riego** (6')

Música

Estudo n° 1 (Mateo Carcassi)

Intérprete (guitarra): **Eloy Tomé** (3')

Entrevista

Aqueles nenos da escola de Doloriñas, entrevistados por **Tonina Gay** (1ª parte) (10')

Música

Estudo n° 2 (Mateo Carcassi)

Intérprete (guitarra): **Eloy Tomé** (3')

Entrevista

Aqueles nenos da escola de Doloriñas, entrevistados por **Tonina Gay** (2ª parte) (10')

Música

Estudo n° 3 (Mateo Carcassi)

Intérprete (guitarra): **Eloy Tomé** (3')

Lectura

O botón encarnado, de **Marilar Aleixandre** (1ª parte) (6')

Música

Estudo n° 2 (Fernando Sor)

Intérprete (guitarra): **Eloy Tomé** (3')

Entrevista

Aqueles nenos da escola de Doloriñas, entrevistados por **Tonina Gay** (3ª parte) (10')

Música

Estudo n° 8 (Fernando Sor)

Intérprete (guitarra): **Eloy Tomé** (3')

Lectura

O botón encarnado, de **Marilar Aleixandre** (2ª parte) (6')

Música

Estudo n° 11 (Fernando Sor)

Intérprete (guitarra): **Eloy Tomé** (3')

Memoria de cristal

Historia dun mantón inacabado, por **Mª del Carmen Pérez González** (5')

Para ver

Exposición “*Xulia Minguillón*” no Museo prov. de Lugo, por **Encarna Lago**. (3')

Opinión

Intervención libre do público asistente (3')

Epilogo

Por **Encarna Lago** (3')

Contraportada musical

Fantasia X (Alonso Mudarra)

Intérprete (guitarra): **Eloy Tomé** (3')

COLABORAN NESTE NÚMERO

Aleixandre, Marilar

Nacín en Madrid (1947) nuns anos en que aínda había máis persoas que coches, ao revés que agora. Porén as miñas primeiras lembranzas son de Ceuta e de Doña Mencía, unha vila cordobesa onde naceu meu pai. En Ceuta vivía nunha casa con xardín, horta e unha tartaruga, así que foi un gran cambio ir para Madrid. Aos oito anos era a máis vella de seis irmáns e sobrevivira a nove mudanzas. En Madrid estudei Bioloxía e participei na resistencia clandestina contra o franquismo, afeccioneime aos tebeos, á música de rock e a andar en moto. Despois fixen autostop por Europa para asistir a concertos, escoitando a Jimi Hendrix ou *The Who*. Viñen para Galicia en 1973, son profesora na Universidade de Santiago de Compostela e escribo novelas para idades diversas, poesía ou guións de comic. Algúns dos meus libros para rapazas e rapaces son *A expedición do Pacífico* (1994), premios Merlín e da Crítica, *A Banda sen Futuro* (1999), premio Lazarillo, *A Vaca de Fisterra* (2003) e *O Monstro da Chuvia* (2003). Tamén escribin artigos sobre a aprendizaxe das ciencias, como sete sobre a marea negra do *Prestige* nas escolas galegas.

Aqueles nenos da Escola de Doloriñas

Este ano 2006 cumprense cen anos do nacemento da pintora lucense Julia Minguillón e sesenta e cinco da súa obra emblemática: *A escola de Doloriñas*. Nos primeiros meses de 1941 Julia Minguillón descansa en Lourenzá tras unha delicada operación cirúrxica á que fora sometida en Madrid no mes de decembro e na que perdera un fillo. Para amoblar a súa vivenda de Lugo busca polas aldeas de Lourenzá un bargeño e a casualidade quixo que fose dar coa escola de Dolores Chaves Vizoso, en O Campo, Vilapol, parroquia de Sta. M^a de Lourenzá. Doloriñas, a mestra que entón disque cobraba unha peseta (0,006 euros) ao mes por cada neno, acepta a proposta da pintora para pintar a súa escola e aos seus alumnos. Os que nos visitan hoxe son algúns daqueles nenos e nenas para contarnos o que lembran, a memoria daqueles días nos que a pintora os inmortalizou: **Dictina Cabaleiro Maseda, Carmen Cabaleiro Maseda, José Luís Cabaleiro Díaz, Hilda Ron Moscoso, Casimiro Rodríguez Eztúa e Holanda González Sanmartín**. Outros non poden estar por viviren en Asturias ou Cataluña, e hai algún que xa non está entre nós, ou, se cadra, si; no cadro "A escola de Doloriñas" de Julia Minguillón, no Museo Provincial de Lugo.

Fernández del Riego, Francisco

Vilanova de Lourenzá (Lugo) 1913. Avogado e figura destacada do ensaio e a crítica literaria galega, comezou a militar no galeguismo durante a República, intervindo en proxectos do grupo Nós e o Seminario de Estudos Galegos. Con Ramón Piñeiro e Xaime Illa Couto fundou a Editorial Galaxia en 1950 e posteriormente a revista *Grial*. Autor dunha extensa obra, cultivou o ensaio sobre a cultura e a literatura galegas (*Cos ollos do noso espírito*, 1949-; *Historia da literatura galega*, 1951; *Galicia no espello*, 1954; *Diccionario de escritores en lingua galega*, 1990; *A xeración Galaxia*, 1996) e estranxeiras (*Letras do noso tempo*, 1974; *Escritores de Portugal e do Brasil*, 1984), a narrativa (*O cego de Pumardedón*, 1992; *Mondoñedo*, 1992) e a literatura de viaxes (*As peregrinacións xacobeas*, 1983; *O camiño de Santiago*, 1992; *Galicia*, 1994). Redixiu varias biografías (*Ánxel Casal e o libro galego*, 1983; *Antolín Faraldo, o gran soñador*, 1998), dúas antoloxías poéticas (*Do dezanove ós continuadores*, 1976; *Do posmodernismo ós novos*, 1980), editou varios vocabularios galego-castelán e innumerables artigos xornalísticos. Publicou un libro de memorias, *O río do tempo* (1991). Foi presidente da Real Academia Galega e recoñecido con galardóns tan prestixiosos como o Premio Trasalba, Premio Pedrón de Ouro, Medalla de Ouro da Cidade de Vigo, Premio de creación Cultural da Xunta de Galicia, Premio Celanova, a casa dos Poetas, etc. Así mesmo, foi nomeado Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo e Galego Egrexio pola Fundación dos Premios da Crítica.

Gay, Tonina

A xornalista M^a Antonina Gay Parga naceu en Barcelona. Dirixiu o curso de lingua galega "A palabra herdada" (libro e 6 CDs). É a autora de catro audiolibros. En 1993 recibiu o premio *Galicia de Comunicación* para medios radiofónicos. Desde 1948 residiu en Ávila. Cursou a carreira de Maxisterio na Escola Normal Santa Teresa. Estudou Xornalismo na Escola Oficial de Xornalismo de Madrid e é diplomada en galego pola Escola Oficial de Idiomas da Coruña. Pertence ó cadro de persoal de RADIO LUGO desde 1962. Do equipo "Galicia sempre", fixo o primeiro programa integramente en lingua galega a principios dos anos 70. Creou o magazine "Mexunxe" en 1985. Durante tres anos consecutivos presentou na Cadena SER de Galicia programas dedicados ás letras galegas. Crea e presenta o programa "Club de opinión" desde 1991. Promove a revista de radio alternativa "O Badulaque" en lingua galega que por primeira vez se emite na radio de Lugo vía Internet. Creou e presentou o programa semanal "Libros, música y otras hierbas". De 1994 a 1995 presentou o programa "Lucenses", unha serie de entrevistas para TV Lugo.

Pérez González, M^a del Carmen

Lucense, filla da mestra M^a del Carmen González López e sobriña do poeta Ánxel Xohán e do debuxante Antonio González López. Boa parte da súa vida viviu condicionada polos diferentes destinos profesionais da súa nai durante o réxime franquista. Cando comezou a guerra civil en 1936 era unha nena. A súa nai afanábase en confeccionarlle un mantón, mais non puido ser: a guerra e as circunstancias familiares enchérona de tristeza e non foi quen de rematarllo.

Tomé González, Eloy

Nace en 1986 en Lugo. Comeza os seus estudos musicais coa idade de sete anos no conservatorio profesional de música desta cidade. Asiste a clases cos profesores Alfonso Rey, Irene Añón e Fernando López finalizando os estudos de Grado Medio coas máis altas calificacións neste centro no ano 2004. Asiste a cursos cos mestres Ricardo Gallén, Alex Garrobé, Margarita Escarpa, Miguel Trápaga, Marco Socías... Nestes momentos cursa o seu segundo ano de Grado Superior na Coruña con Rodolfo García.